



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL PEL CONCELLOS 2025, AUXILIAR DE BIBLIOTECA.

Reunidos ás 13:30 horas en data 24 de xullo de 2025 na sala de Comisións da Casa do Concello, os membros do tribunal de selección de persoal temporal PEL Concellos 2025, 1 auxiliar de biblioteca, conforme as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 04/04/2025 e publicadas no BOP 9 de abril de 2025.

Estando presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidente: Ramón Torreiro González. Bibliotecario do Concello de Arzúa

Vogais:

- Maria de las Nieves Cives Estevez . Bibliotecaria do Concello de Santa Comba
- Beatriz Duran Rodríguez. Bibliotecaria do Concello de Oroso.
- , Luis Fole Barrio (arquitecto técnico Concello de Arzúa)

Secretaria: Irene Couselo del Río. Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa.

Non asistindo a vogal, Maria de las Nieves Cives Estevez . Bibliotecaria do Concello de Santa Comba

Polo presidente declarase constituído o tribunal , indicando que se reúne este tribunal para:

- 1º Resolver as alegacións presentadas polos aspirantes Miguel Angel de Matos Moreira e Maria Luisa Arias Arias,
- 2º Resolver o desempate entre os aspirantes Maria Concepción Formoso Garcia e Miguel Angel Mateos Carreira, os cales na acta do tribunal 8 de xullo de 2025, publicada o 11/07/2025 no taboleiro de anuncios, Requiriranse para que presentaran no prazo de 5 días hábiles, a partir do seguinte da publicacion de dita acta no taboleiro de edictos, xustificante ou certificado expedido polo SEPE, de que non perciben ningún tipo de prestación ou subsidio, e tempo de permanencia en situación de desemprego.

De seguido dase vista da seguinte alegación presentada por Miguel Angel de Matos Moreira, presentada o día 14/07/2025 con rexistro entrada 2025/1329, na cal indica o seguinte:

Estimados membros do tribunal de selección, Publicada o pasado venres, día 11 de xullo, a acta do tribunal de selección de persoal laboral temporal PEL Concellos 2025 (1 auxiliar de biblioteca), veño presentar unha alegación relacionada cunha das preguntas do exame da fase de oposición.

Pregunta 5) Cal das seguintes frases sobre a periodicidade das publicacións é falsa?

- A) Bimensual e quincenal son sinónimos.
- B) Bimestral y bimensual son sinónimos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña

Teléfono: 981 50 00 00

C) Bisemanal e quincenal son sinónimos.

Para esta pregunta, a resposta considerada correcta é a B) Bimestral y bimensual son sinónimos. Con todo, a resposta C) Bisemanal e quincenal son sinónimos tamén estaría correcta, xa que, según o dicionario da Real Academia Galega, os significados de cada unha destas palabras é o seguinte:

Bisemanal = Que sucede ou aparece dúas veces por semana.

Quincenal = Que aparece, sucede ou se fai cada quince días, ou que dura unha quincena.

De modo que, Bisemanal e Quincenal non son sinónimos.

Polo exposto anteriormente, solicito que a miña resposta sexa considerada correcta e que me sexa atribuída a correspondente puntuación de 0,4 puntos, coa debida actualización da puntuación da fase de oposición e da puntuación final.

De seguido dáse vista da alegación presentada por Maria Luisa Arias Arias, presentada o día 14/07/2025 con rexistro entrada 2025/1338, na cal indica o seguinte:

Para que se teña en conta na valoración de méritos o certificado de ofimática que lle chegou estes días e o xustificante do curso de técnicas administrativas básicas de oficina financiado por organismo oficial, Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deporte, do cal aínda non lle chegou o certificado profesional

Dase vista da documentación presentada por Miguel Angel Mateos Carreira con data 14 de xullo de 2025, con rexistro entrada 2025/1333, que se lle requerira para desfacer o empate que hai coa aspirante Maria Concepción Formoso Garcia segundo indica a base 10 das que rixen este proceso, presenta:

- Certificado do SEPE de que non figurada a día 11 de xullo de 2025, como beneficiario de unha prestación/subsidio por desemprego.
- Informe tempo permanencia en situación de desemprego.

Dáse vista da documentación presentada por Maria Concepcion Formoso Garcia, con data 15/07/2025 con rexistro entrada 2025/1346, que se lle requerira para desfacer o empate que hai co aspirante Miguel Angel Mateos Carreira, a cal presenta:

- Certificado do SEPE de que non figurada a día 11 de xullo de 2025, como beneficiario de unha prestación/subsidio por desemprego.
- Informe tempo permanencia en situación de desemprego.

Vista a base 10 das que rixen este procedemento na cal indica:

No caso de empate nas puntuacións totais finais de dous/dúas ou mais aspirantes, este resolverase tendo en conta:

1. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego, e i aínda así persistira o empate.
2. Maior antigüidade en situación de desemprego.

Visto que os dous aspirantes empatados don Miguel Angel Mateos Carreira e Maria Concepción Formoso Garcia ,presentan certificado de que non son beneficiarios de prestación ou subsidio por desemprego, o tribunal comproba quen dos dous aspirantes ten maior antigüidade en situación de desemprego, mirando os informes do Servizo Público de Emprego de Galicia de periodos de incrición, comprobando que quen leva

mais tempo en situación de desemprego é María Concepción Formoso Carreira

O Tribunal acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Aceptar a alegación presentada por Miguel Angel de Matos Moreira, presentada o día 14/07/2025 con rexistro entrada 2025/1329 e dar por válida na pregunta 5. tanto a resposta C) como a resposta B), xa que ambas dúas serían falsas.

Se ben, no dicionario Digalego ou no dicionario da Real Academia Española, bisemanal aparece definido como *“Que se hace u ocorre dos veces por semana” / “Que se hace u ocorre cada dos semanas” “Que acontece ou se fai dúas veces por semana ou cada dúas semanas”*. Poren o tribunal considera que en biblioteconomía o termo refírese exclusivamente a dúas veces por semana. A mesma definición que aporta o dicionario da RAG: *“Que sucede ou aparece dúas veces por semana”*.

SEGUNDO: Non aceptar a alegación de Maria Luisa Arias Arias, porque o certificado de Ofimática que presenta non se pode valorar agora, porque só se valoraran os méritos presentados no periodo de presentación de instancias, non se poden valorar certificados presentados a posteriori,

-Os méritos acreditáranse mediante certificación expida pola Administración pública que corresponda (base 9.2.2). polo que o curso de técnicas administrativas básicas de oficina financiado por organismo oficial non se puido e valorar, xa que non presenta certificado expedido por ningunha administración pública.

TERCEIRO. Unha vez aceptada a alegación presentada por Miguel Angel de Matos Moreira, e o tribunal da por válidas na pregunta 5) tanto a resposta B) ou C), as puntuacións quedarían come seguen:

NOME E APELIDOS	FASE OPOSICION	FASE CONCURSO	PUNTUACION FINAL
MARIA CONCEPCION FORMOSO GARICA	6,4	2	8,4
MIGUEL ANGEL MATEOS CARREIRA	6,4	2	8,4
MIGUEL ANGEL DE MATOS MOREIRA	7,2	1	8,2
MARTA VÁZQUEZ AGRA	5,6	2	7,6
CARMEN IGLESIAS SAAVEDRA	6	1,5	7,5
MARIA LUISA ARIAS ARIAS	6	0,5	6,5
EVA DAPENA ZAPICO	5,6	0,5	6,1
VICTOR BRUZOS CENDON	4	2	6
CARMEN MARIA Riestra Puga	5,6	0	5,6
CONCEPCION FERNANDEZ SEGADE	4,8	0	4,8

CUARTO: Propoñer o alcalde a contratación como auxiliar de biblioteca a Maria Concepción Formoso Garcia, unha vez aplicados os criterios de desempate indicados na convocatoria.

QUINTO.- Póblar esta acta no taboleiro de anuncios do concello

Polo presidente, sendo as 14:15 horas levántase esta sesión, remitíndose a acta para sinatura de todos os membros do tribunal.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña

Teléfono: 981 50 00 00

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe.